

BICENTENARIO DE VIGO

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

1. XORNADAS DE REFLEXIÓN “VIGO NO DIVÁN”

Expertos do mundo da cultura, da Universidade e da Empresa suscitarán un debate participativo sobre o modelo de cidade que Vigo debería ter no futuro.

O pasado que configurou o presente e o presente que constrúe o futuro son os títulos das dúas xornadas que a asociación de participación cidadá **Outro Vigo É Posible** está a organizar a modo de achega á cidade con motivo do seu Bicentenario.

O obxectivo destas xornadas é suscitar un debate, o máis participativo posible, sobre o modelo de cidade que Vigo debería de ter no futuro. Trátase dunha idea que dende hai tempo está a desenvolver este colectivo cidadá que se plasma agora coa intervención inicial dun total de nove expertos en distintas disciplinas que ofrecerán unha visión de conxunto dos distintos aspectos que determinaron e poden determinar o presente e o futuro de Vigo.

Así, na primeira das xornadas o arqueólogo Xulio Carballo Arce repasará a historia de Vigo dos castros á romanización; mentres que o profesor de Historia Contemporánea Luís Domínguez Castro tratará a Reconquista e a conversión de Vigo en cidade. O Catedrático de Historia e Institucións Económicas da Universidade de Santiago Xoán Carmona falará da industrialización; e Xosé Manuel Souto, Catedrático de Xeografía e Historia de Ensino Secundario falará do aluvián demográfico da cidade. Finalmente, **o sábado 16**, Xosé María Mella, catedrático de Economía Aplicada da Autónoma de Madrid fará ungha visión global da economía viguesa.

Na xornada do **23 de outubro**, dedicado ao presente que constrúe o futuro, o psiquiatra Antón Seoane falará la identidade viguesa; e o catedrático de Política Económica da Universidade de Barcelona Antón Costas, falará da nova economía da cidade. A profesora de economía Aplicada da Universidade de Vigo María Xosé Caride falará da vertebración territorial e Juan Miguel Margalef, presidente da Asociación de Defensa do Patrimonio de Cartaxena centrará a súa intervención nos gobernos participativos e as cidades sustentables.

ALCALDÍA



Nestas xornadas tamén haberá un apartado dedicado á cultura que se traducirá na intervención do grupo Camerata Viguesa dirixido por Armando Toledo; e do grupo de Teatro Ensalle. Tamén haberá lectura de poemas inspirados en Vigo a cargo de Mari Carme Kruckemberg e Maximino Quizán, entre outros.

Dentro das actividades de promoción destas xornadas, **Outro Vigo É Posible** ten previsto realizar cadanseu reparto de propaganda na rúa do Príncipe os días 13, 15 e 22 de outubro. Estes actos van contar coa participación da Escola de Arte Dramática (ESAD) que vai a facer unha pequena representación alusiva á cidade de Vigo.

Con estas accións, **Outro Vigo** quere poñer de manifesto a riqueza e pluralidade cultural de Vigo e incidir na participación de todos os sectores da sociedade olívica neste debate.

A Asociación **Outro Vigo É Posible** nace no principio do século XXI como un foro aberto e plural para recoller as diferentes sensibilidades de pensamento que existen en Vigo e a súa área metropolitana. Ten como referente fundamental un compromiso real coa defensa dos principios de sustentabilidade e das restantes directrices europeas sobre o crecemento urbano.

En definitiva, é un espazo cívico de encontro, debate e intercambio de información que interveña na elaboración de propostas concretas que contribúan a integrar a Vigo na Rede de Cidades Europeas Sostibles.

As xornadas terán lugar no Centro Social Caixanova

PROGRAMA "VIGO NO DIVÁN"

16 de outubro de 2010

"O pasado que configurou o presente"

11:00: A xornalista viguesa **Carmen Domínguez**, co-fundadora de *Outro Vigo é Posible* e directora do programa de TVE *Españoles en el Mundo*, presentará a xornada.

11:05: Intervención da moderadora, **Ana Guantes**, que presentará aos oradores.

11:10: *Do castro á romanización*. A cargo de **Xulio Carballo Arce**, arqueólogo da Delegación de Cultura de Pontevedra.

11:25: *A Reconquista e a conversión de Vigo en cidade*. Encargarase **Luís Domínguez Castro**, profesor 'Jean Monnet' de Historia Contemporánea da Universidade de Vigo.

11:40: *A industrialización de Vigo no XIX e XX*. Desenvólveo **Xoan Carmona**, catedrático de Historia e Institucións Económicas na Universidade de Santiago.

11:55: *Realidade urbana, urbanismo e articulación social. Vigo cidade de aluvión demográfico. Cidade e aldea. O chamado "proletariado simbiótico"*. Intervención a cargo de **Xosé Manuel Souto**, catedrático de Xeografía e Historia de Ensino Secundario. Profesor colaborador de formación inicial nas Universidades de Alacant e de Valencia.

12:10: *Unha visión global da economía viguesa*. A cargo de **Xosé María Mella**, catedrático de Economía aplicada da Universidade Autónoma de Madrid, profesor 'Jean Monnet' por nomeamento da Unión Europea.

12:25: Descanso

12:40: Debate.

* Durante o debate procederase á lectura de tres poemas do libro *Ría de Vigo* de **Mari Carme Kruckemberg** por ela mesma; e do poema *La Noche* de Manuel Lueiro Rey e *Calma* de Eduardo Blanco Amor a cargo de **Maximino Queizán**.

14:15: Lectura das conclusións da xornada a cargo de **Eduardo Rolland**, que actuará como relator.

14:00: Actuación do grupo **Camerata Viguesa** dirixida por **Armando Toledo**, que porá fin á xornada.

23 de outubro de 2010

"O presente que constrúe o futuro"

11:00: Intervención da moderadora, a xornalista viguesa **Magis Iglesias**.

11:05: *¿Existe unha identidade viguesa? Cidadanía, identidade, pertenza, desarraigamento, violencia e saúde mental.* Desenvolverá este apartado **Antón Seoane**, psiquiatra e músico.

11:10: *A nova economía da cidade.* Tema que abordará **Antón Costas Comesaña**, catedrático de Política Económica da Universidade de Barcelona. Presidente do Consello de Endesa en Cataluña e articulista de El País.

11:25: *A vertebración territorial, as comunicacións, os servizos públicos, a xeo-estratexia; as rutas do comercio, a euro rexión.* Presentará **María Xosé Caride Estévez**, profesora do Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Vigo e ex conselleira de Política Territorial.

11:40: *Cidade sustentable, calidade de vida, política local, democracia moderna, gobernanza, goberno participativo.* A cargo de **Juan Miguel Margalef**, presidente de Asociación de Defensa do Patrimonio en Cartaxena. Escribiu *A cidade borrada* sobre a perda de identidade das cidades. Foi director xeral de Cultura na Rexión de Murcia. É profesor de Literatura Francesa en Cartaxena.

11:55: Descanso.

12:10: Actuación de **Teatro Ensalle**.

12:20: Debate.

* Durante o debate procederáse á lectura do poema *Jazz Industrial* de María Xosé Queizán; e do poema *Barcos* de Manuel Forcadela a cargo de **Maximino Queizán**.

14:15: Lectura das conclusións da xornada. **Eduardo Rolland**.

14:30: Actuación do grupo **Camerata Viguesa** dirixido por **Armando Toledo**.

As xornadas terán lugar no Centro Social Caixanova

ALCALDÍA



PUBLICACIONES ESPECIAL BICENTENARIO FARO DE VIGO

"200 Años de Vigo. Metamorfosis de una ciudad"
"200 Personajes de Vigo"

2. CERTAME DE PINTURA "VIGO É COR"

Mostra pictórica na que se exhibirán as obras de 35 artistas vencellados a cidade. A mostra permanecerá aberta na sala de exposicións do Centro Cultural Caixanova ata finais de novembro.

Listado dos artistas que participarán na mostra:

ANTONIO QUESADA
ANTON PULIDO
BARREIRO
SOLVEIRA
ANTON PATIÑO
MENCHU LAMAS
XAVIER MAGALLAES
MINGOS TEIXEIRA
ARMANDO GUERRA
SANTIAGO MONTES
ALEX VAZQUEZ
PAULA MARIÑO
PURI DEL PALACIO
RAFAEL CALVO
DARIO ALVAREZ BASO
BERTA ALVAREZ CACAMO
ANTONIO ABAD
MENCA ESTEVEZ
CARLOS FERNANDEZ IGLESIAS
NELSON VILLALOBOS
TORRAS
DIEGO DE GIRALDEZ
DIN MATAMORO
ALMUDENA FERNANDEZ
ANTÓN GOYANES
ANXEL HUETE
JORGE PERIANES
ISAAC PEREZ DE VICENTE
AMANDO GONZÁLEZ
TONO CARBAJO
JUAN BOSCO CARIDE
ROSA ELVIRA CAAMAÑO
XAN BIEITO
MAR CALDAS
ANTÓN LAMAZARES

CERTAME DE PINTURA DE VITRASA

ALCALDÍA



3. CERTAME POÉTICO "VIGO É PALABRA"

O Centro Social Caixanova acollerá o venres, 15 de outubro o recital "Vigo é palabra" no que participarán os seguintes poetas ligados á cidade de Vigo.

*MÉNDEZ FERRIN
PEPE ALVAREZ CÁCAMO
ANTON REIXA
CARLOS OROZA
SALVADOR GARCÍA BODAÑO
ALFONSO ALVAREZ CÁCAMO
ANXO ANGUEIRA
KRUKEMBERG
XESÚS ALONSO MONTERO
MODESTO HERMIDA
ANTÓNIO ALONSO FONTÁN
LALO VÁZQUEZ GIL
MANUEL VIDAL VILLAVERDE
LUZ POZO
MARIA XOSÉ QUEIZÁN VILAS
MANOLO VILANOVAS
ANTONIO GARCÍA TEIJEIRO
AN ALFAYA
MARTA DACOSTA
LUIS GLEZ. TOSAR
FORCADELA
BAIXERAS
ANXO QUINTELA
HELENA DE CARLOS
ALFONSO PEXEGUEIRO
MANOLO ROMÓN
PAULINO VÁZQUEZ
CARLOS PENELA
IOLANDA ZÚÑIGA
MÓNICA BAR CENDÓN
GONZALO NAVAZA
ROMÁN RAÑA
XIAO ROEL
XOSÉ LUIS FRANCO GRANDE*

4. FESTIVAL FOLCLÓRICO

O sábado **30 de outubro**

ALCALDÍA



2. 36202 Vigo. Tlf.: 986 81 01 06 Fax: 986 81 02 17



5. CONCERTOS SINFÓNICOS

O mércores **3 de novembro** e o **xoves 4** terán lugar dous concertos no Conservatorio Superior de Música.

O mércores **27 de outubro** a Coral Casablanca ofrecerá un concerto no *Centro Cultural Caixanova*.

6. TEATRO A CARGO DA ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICO DE GALICIA

PROGRAMA DE ACTUACIÓNS

Venres, 29 de outubro.- Os alumnos da Escola Superior de Arte Dramático de Galicia (ESAD) interpretarán distintas pezas para escolares de centros de ensino da cidade.

"Lela anda en bicicleta", adaptación da obra de Carlos Casares.

Venres, 5 de novembro.- Os alumnos da Escola Superior de Arte Dramático porán en escena a peza teatral "Experiencias I". Para todos os públicos

Venres, 12 de novembro.- *ESAD para centros de ensino da cidade*
"Lela anda en bicicleta", adaptación da obra de Carlos Casares.

Venres, 19 de novembro.- *ESAD*

Peza teatral preparada polos alumnos da Escola Superior de Arte Dramática.
"Experiencias II". Público xeral.

Venres, 26 de novembro.- *ESAD para centros de ensino da cidade.*
"Lela anda en bicicleta", adaptación da obra de Carlos Casares.

7. INAUGURACIÓN DA PRAZA DO BICENTENARIO, o mércores 27 de outubro.

8. OUTRAS ACTIVIDADES

Emisión de selo de Correos

Sorteo da ONCE

Sorteo da Lotería Nacional

Emisión de programas de ámbito nacional desde Vigo